

**Orde do 18 de xuño de 2009** pola que se regulan as axudas económicas para atención da primeira infancia a través do cheque infantil en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos e se procede á súa convocatoria (DOG nº 124 do 26/06/2009).

■ **Obxecto:**

Axudas económicas para a atención de nenos/as de 0 a 3 anos en escolas infantís 0-3 non sostidas con fondos públicos. Poderá eximirse do límite de idade os nenos con discapacidade física, psíquica ou sensorial susceptibles de integración, logo do equipo de orientación específico, dependente da Inspección de Educación.

■ **Requisitos das persoas beneficiarias:**

- Ter unha/un nena/o a cargo nacida/o con posterioridade a 31 de decembro de 2005. No caso de nenos/as de integración poderá eximirse do cumprimento deste requisito.
- Non dispoñer doutras axudas para igual ou análoga finalidade outorgadas por outros organismos ou institucións públicas.
- Que a renda per cápita mensual da unidade familiar non supere 1.000 euros.

As/os solicitantes de nova adxudicación deberán acreditar, ademáis, os seguintes requisitos:

- Ter cumpridos a/o nena/o 3 meses na data de ingreso.
- Que existan prazas nos centros partícipes do programa para o grupo de idade solicitado no concello de residencia do beneficiario, noutro que sexa limítrofe ou ben no concello onde traballen os pais ou titores legais.
- Non obter praza nunha escola infantil 0-3 sostida con fondos públicos.

■ **Prazo de presentación:**

Un mes a partir do seguinte á publicación da orde. Ata o **27 de xullo de 2009**.

Para máis información: Departamento de Servizos Sociais en horario de atención o público das traballadoras sociais, de martes a venres de 8.30-13.30h.